IV CARREIRA SOLIDARIA LADESOL

“CORRO POR TU SUEÑO”

Art.1) A Fundación LADESOL organiza a IV Carreira Solidaria LADESOL “Corro por tu sueño” o 22 de Abril do 2018 na localidade de Vilagarcía de Arousa; baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo, a través da súa delegación en Pontevedra. Haberá dúas modalidades distintas, carreira e andaina, para que cada participante escolla a que máis lle conveña.

Art. 2) Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Art. 3) CATEGORÍAS E DISTANCIAS:

	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO	DISTANCIA
CARREIRA	Pitufos	2014-2013	100 m
	Prebenxamín	2012-2011	150 m
	Sub 10 - Benxamín	2010-2009	600 m
	Sub 12 - Alevín	2008-2007	875 m
	Sub 14 - Infantil	2006-2005	1.730 m
	Sub 16 - Cadete	2004-2003	1.730 m
	Sub 18 - Xuvenil	2002-2001	1.730 m
	Sub 23 - Junior/Promesa	2000-1996	10000 m
	Senior	1995 e anteriores	10000 m
	Veteráns A	A partir de 35 anos (1983)	10000 m
	Veteráns B	A partir de 50 anos (1968)	10000 m

ANDAINA	Non hai categorías	4.500 m

*As distancias son orientativas e non homologadas.

Art. 4) HORARIOS

A orde das carreiras e andaina é o seguinte:

- 10.00: Saída da categoría Sub 10 - Benxamín masculino e feminino.
- 10:05: Saída da categoría Sub 12 - Alevín masculino e feminino
  10.15: Saída da categoría Sub 14 - Infantil masculino e feminino.
  10.25: Saída das categorías Sub 18 - Xuvenil e Sub 16 - Cadete masculino e feminino.
- 10.45: Saída da Andaina
- 10.50: Saída das categorías absolutas masculino e feminino.
- 12.30: Saída da categoría prebenxamín.
- 12.35: Saída da categoría pitufos.
-

Art. 5) LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

- A saída da andaina será dende o paseo do Porto Deportivo á altura dos mini-cines (Ruta de Sendeirismo do Concello)
  A saída de todas as carreiras será dende Avenida da Mariña diante do auditorio.
-

Art. 6) INSCRICIÓNS:

A inscrición realizarase na páxina da Federación Galega de Atletismo: www.carreirasgalegas.com ou no Colexio San Francisco de Vilagarcía en horario de 11.00 a 13.00 de luns a venres ou de 15:30 a 17:00 de luns a xoves.

A data límite para inscribirse on-line será o 18 de Abril do 2018, a data límite para inscribirse no colexio será o 16 de Abril.

O prezo das inscricións é o seguinte:

- Categorías Pitufo e Prebenxamín: 3 euros.
- Categorías Sub 10 - Benxamín e Sub 12 - Alevín: 3 euros.
- Categorías Sub 14 - Infantil, Sub 16 - Cadete e Sub 18 - Xuvenil: 3 euros.
- Categorías absolutas: 6 euros.
- Andaina: 3 euros.

Abrirase unha conta “DORSAL 0” para os que desexen participar e non poidan asistir ó evento. Tamén será posible realizar un donativo na propia inscrición á carreira.

TODO O RECADADO irá parar á Fundación LADESOL das Franciscanas Misioneiras da Nai do Divino Pastor.

Art. 7) RETIRADA DE DORSAIS E CHIPS

A retirada de dorsais realizarase no Colexio San Francisco o sábado 21 de 11.30 a 13.30 e de 18.00 a 20.00 e o mesmo día e lugar da proba dende as 9.00 ata media hora antes da proba.

Art. 8) PREMIOS

Os premios para a ANDAINA serán os seguintes:

- Premio á máis veterana que participe. (Pedirase acreditación correspondente antes da entregada de premios).
- Premio ó máis veterano que participe. (Pedirase acreditación correspondente antes da entregada de premios).

Os premios para a CARREIRA serán os seguintes:

- Categorías Pitufos, Prebenxamín, Sub 10 - Benxamín medallas para todos os participantes.
- Categorías Sub 12 - Alevín, Sub 14 - Infantil, Sub 16 -Cadete e Sub 18 - Xuvenil: Medalla para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos.
- Categorías absolutas:
  - Trofeo para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos.
  - Premio á máis veterano/a que remate a carreira. (Pedirase acreditación correspondente antes da entregada de premios).

Art. 9) Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, poderá ser descalificado.

Art. 10) Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art. 11) As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Árbitro da Competición non más tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art. 12) SERVIZOS (persoal sanitario, ambulancia, duchas, avituallamento,...)

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

Os fisioterapeutas presentes na proba, son para o uso exclusivo dos participantes da categoría absoluta.

Art. 13) O feito de inscribirse nesta carreira implica a total aceptación do presente regulamento. Dando vostede autorización ós organizadores e colaboradores (Colexio San Francisco de Vilagarcía de Arousa) a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión*.

Art. 14) Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento de FGA, RFEA E IAAF en vigor.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 - 15008 A Coruña.

*A imaxe dos participantes ou outras informacións referidas a este poden divulgarse en diferentes publicacións ou medios de comunicación do centro Colexio San Francisco de Vilagarcía de Arousa (incluídos os de internet: Facebook, Youtube, Twitter). O centro non se fai responsable no uso de estas imaxes por parte de terceiros.

10:00 Sub 10 - Benxamín 600 metros

10:05 Sub 12 - Alevín 875 metros

10:45 Andaina 4500 metros (ida e volta)



10:15 Sub 14 - Infantil; 10:25 Sub 16 - Cadete, Sub 18 - Xuvenil, 2 vueltas: 1730 metros

10:50 Absoluta

10000 metros (2 voltas, 4575m.; na segunda volta engádese o circuito amarelo 850 m.)

12:30 Prebenxamín 150 metros

12:35 Pitufos 100 metros